



- > A promoción de sete operadores do Craega no SIAL de París
- > Premios para Granxa Maruxa, Abella Lupa e Casa Ánxel
- > Lanzamento de novos produtos e empresas ecolóxicas en Galicia

Celebración das I Xornadas Técnicas de Producción Ecolóxica Animal

Sumario

- 3** | Jornadas Técnicas de Producción Ecolóxica Animal
- 5** | Participación na feira parisiense de SIAL
- 6** | Recoñecementos nacionais a Granxa Maruxa, Abella Lupa e Casa Ánxel
- 7** | Entrega do premio á mellor tapa ecolóxica no concurso de Lugo
- 7** | Lanzamento dunha nova sidra ecolóxica
- 7** | Nacemento da primeira empresa de venda de cogomelos ecolóxicos silvestres



CRAEGA

EDITA: Craega
SECRETARIO: Javier García Lozano
DIRECCIÓN TÉCNICA: Ernesto Sánchez Salgado
DEPÓSITO LEGAL: Pendente
IMPRIME: Ulzama Gráficas

Taboleiro de anuncios

Véndense a 70 euros excelentes cabritas para produción cárnica, procedentes dunha explotación de cabras en ecolóxico de Allariz

Xosé: 687 418 518
Bernardo: 609 529 872

Repartimos caixas de verduras ecolóxicas a domicilio en Santiago de Compostela e concellos limítrofes (Vedra, Boqueixón, Teo, Ames e Brión)

Finca de horta en Vedra inscrita no Craega
miguel@tempocompartido.com

Recibimos visitas guiadas de escolares e grupos na nosa explotación ecolóxica de Rubia Galega
Pazo de Sabadelle (Chantada, Lugo)
650 343 777

Servimos pedidos de carne ecolóxica de tenreira envasada ao baleiro
Carnicería Carballada (Sarria, Lugo)
982 886 225
carniceriacaballada@hotmail.com

Véndese finca de 10.700 m² de produción de froita ecolóxica, con 700 árbores. Venda de froita asegurada. Casa de pedra para restaurar. Lugar privilexiado na ribeira do Miño
670 852 638 / puchadiza@gmail.com

Venda de produtos ecolóxicos: legumes e hortalizas. Colleita propia
Agricultura Ecolóxica Cristimil
Román Viz Santomé: 625 202 417

Realízanse sacrificios ecolóxicos. Matadoiro Comarcal de Sarria
San Xulián da Veiga, 27614
Luís López: 982 531 273



Descontos do 20% nas tarifas de aloxamento en Ecoagroturismo Arqueixal para inscritos no Craega
Albá (Palas de Rei, Lugo)
982 380 251 / 629 176 030
contacto@arqueixal.com
www.arqueixal.com



Véndense fabas ecolóxicas de Lourenzà, a granel ou envasadas
M^a Josefa Leitón Ramallal: 648 705 100 / 982 146 006

Patacas ecolóxicas Ribeira de Portizó
Sober (Lugo)
Irene: 608 038 785
Marena: 627 214 476

Sección gratuíta para os inscritos. Para publicar os anuncios enviar solicitude a craega@craega.es

Establecementos colaboradores minoristas

A Casa da Quenlla, SC
Praza de Abastos, nave 7, caseta 227-228-229
15703 Santiago de Compostela A Coruña
696 506 800
acasadaquenlla@yahoo.es

A Tropical, Finarrei SL
Rúa da Paz, 20
32005 Ourense
988 220 688
demetrio@finarrei.com
www.finarrei.com

A Xoaniña, SCG
Rúa Venezuela, 78
15404 Ferrol - A Coruña
981 930 868
cooperativaxoaninha@cooperativaxoaninha.org
www.cooperativaxoaninha.org

Álvarez López, M^a Teresa Ecocentro Natureza
Avenida de Galicia, 52 baixo
27400 Monforte de Lemos Lugo
982 404 797

Consumo Consciente Árbore, SCG
Rúa Arquitecto Pérez Bellas, 5 baixo
36203 Vigo - Pontevedra
986 233 497
info@arbore.org
www.arbore.org

Ecogaliza, SLU
Praza de Abastos, nave 7, caseta 222-223-224
15704 Santiago de Compostela A Coruña
654 609 611
ecogaliza@yahoo.es
www.ecogaliza.com

Fernández Blanco, Juan Carlos Cárnicas O Xurés
R/ Celso Emilio Ferreiro, 20 baixo
32004 Ourense
988 245 812
www.carnicasoxures.com

García Prieto, Antonio Rego de Mel
Rúa San Roque, 24 baixo
27700 Ribadeo - Lugo
982 129 558
a.xangalo@hotmail.es
www.regodemel.es

Gueimonde y Liste, SC As Cabaciñas
Rúa Restollal, 79 baixo
15702 Santiago de Compostela A Coruña
981 593 462
cabacias@yahoo.es

Horno Integral Pandarán, SL
Avenida de Bueu, 19
36940 Cangas do Morrazo Pontevedra
info@pandaran.es
www.pandaran.com

Horta Verde, CB
Rúa Irmáns Maristas, 38
36700 Tui - Pontevedra
986 600 644
ecohortaverde@gmail.com
www.hortaverde.es

La Aldea Biomarket, SL
Avenida Finisterre, 25 baixo
15004 A Coruña
626 765 567
riapemon@laaldeabiomarket.com
www.laaldeabiomarket.com

López Chamorro, Isabel Horta+Sá
Rúa Pérez Ardá, 26 baixo esqu.
15009 A Coruña
981 285 021
hortaisabel@yahoo.es
www.hortamaissa.com

Lorena Fernández López Natureza e Vida
R/ San Roque, 104 baixo
27002 Lugo
982 801 323
naturezaevida.lugo@gmail.com
www.naturezaevida.es

Ortega Río, M^a Soledad - Menta
Cesáreo Tizón, 25
32500 O Carballiño - Ourense
988 274 123
salchasa@yahoo.es

Ourense Bio, SL
Rúa San Rosendo, 9 baixo
32001 Ourense
988 604 914
ourensebio@mundo-r.com

Rodríguez Pérez, Carlos Gallaecia Carniceros
Mercado da Praza de Lugo, posto Q5, 2^a planta
15004 A Coruña
981 100 504
gallaeciaticarniceros@gmail.com
www.ecocarne.es

Rosa María Castro Conde Maguz Ecolóxicos
Mercado de San Agustín Posto 3
15001 A Coruña
alfredosessa300@gmail.com

Seoane Albela, Purificación Hortasán
Praza de Abastos, posto 33
36002 Pontevedra
981 512 491
casadocampo@tempocompartido.com

Tenda Ecolóxica Equilibrio, SL
Avenida Mallos, 1
15007 A Coruña
881 898 788
equilibrio@tendaecoloxica.com
www.tendaecoloxica.com

Todo Bio, SL
Rúa Doutor Fleming, 7B
32003 Pontevedra
986 493 617
vbtienda@hotmail.com

Establecementos colaboradores hostaleiros

Fogar do Santiso
Trasellas, Cuou, 13
Teo (A Coruña)
981 805 948
fogar@fogardosantiso.es
www.fogardosantiso.es



O presidente do Craega ofreceu unha charla sobre a certificación na produción ecolóxica

Lugo acolleu as I Xornadas Técnicas de Producción Ecolóxica Animal

Os pasados 23 e 24 de novembro celebráronse en Lugo as primeiras xornadas técnicas en produción ecolóxica de orientación animal, organizadas pola asesoría Agronovo Ecoloxía e o Instituto de Investigación e Tecnoloxía Agroalimentarias de Cataluña (IRTA), coa colaboración do Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (Ibader).

O investigador do IRTA Pol Llonch falou da evolución do benestar nas granxas ecolóxicas



As estas xornadas asistiron dende gandeiros con distintas orientacións (vacún de leite, carne, polos, ovellas...), tanto en produción convencional coma interesados en producir en ecolóxico e os que xa teñen as granxas certificadas, coma profesionais de distintas ramas (veterinaria, técnicos agrícolas, agrónomos...), autónomos ou representantes de empresas e asociacións, e mesmo persoal da Consellería do Medio Rural e do Mar.

Dado o perfil dos organizadores, unha asesoría especializada en produción ecolóxica (Agronovo Ecoloxía) e un instituto de investigación agroalimentaria da Generalitat de Cataluña (IRTA), os obxectivos principais das xornadas foron tres: axudar a que coa información proporcionada se poidan conseguir explotacións máis rendibles coa mesma ou con maior calidade; demostrar que no mundo da investigación existen estudos e profesionais que traballan pola produción ecolóxica; e, en última instancia, axudar a aumentar o número de operadores no Craega.



Exposición da experiencia de Casa Grande de Xanceda



Un momento da charla sobre a produción porcina e avícola de carne ecolóxica

O interese das xornadas residiu especialmente na carga de información técnica, moi intensa pero breve, que compartiu co auditorio cada un dos conferenciantes, un total de 18 nos dous días. Para ofrecer esa información técnica asimilable polo público e dun espectro amplo, Agronovo Ecoloxía e o IRTA escolleron uns relatores con experiencias interesantes tanto no eido meramente profesional coma no eido investigador, en universidades e centros de investigación. Así, contouse con participación española na súa maioría e con tres participantes de Portugal, país que tamén aposta pola gandería ecolóxica; os demais conferenciantes proviñan de Galicia e doutros puntos de España (Cataluña e Cantabria, concretamente).

As charlas enfocadas á parte produtiva versaron sobre técnicas de selección de animais pola súa xenética e raza para obter uns rendementos máximos segundo condicións locais e obxectivos produtivos, as condicións dos animais e o seu benestar e como este inflúe sobre as producións negativamente se se descoida, o manexo sanitario e como alimentar o gando ao longo do ano de forma eficiente.

Non obstante, tamén se impartiron relatorios que contemplaban a integración dos sistemas agrarios produtivos coa biodiversidade e co

comercio local e incluso co comercio nacional. Algúns conferenciantes relataron as súas experiencias comercializadoras nas súas empresas e como foi a evolución destas, incluíndo como lles afecta o momento económico actual. Ademais, o Craega participou cunha charla do seu presidente, José Antonio Fernández, na que deu a súa visión sobre a favorable evolución e o futuro esperanzador do sector da produción ecolóxica en Galicia.

Tanto Agronovo coma o IRTA indicaron que as xornadas foron de grande interese para os asistentes, dada a cantidade de preguntas realizadas, que houbo que limitar para axustarse ao horario previsto. Así mesmo, concluíuse que coñecendo e aplicando distintas técnicas produtivas se pode incrementar a produtividade e a rendibilidade das explotacións, especialmente se se incide na alimentación, a sanidade e o manexo dos animais, por un lado, e, por outro, na orientación a produtos demandados no mercado e na oferta de produtos diferenciados.

Vistos os comentarios feitos na sesión de debate, así como as peticións realizadas polos asistentes aos organizadores, Agronovo e o IRTA amosaron a súa vontade de darlle continuidade a estas xornadas cunha nova edición para o vindeiro ano.

Nas xornadas chegouse á conclusión de que se pode incrementar a produtividade e a rendibilidade das explotacións, especialmente se se incide na alimentación, a sanidade e o manexo dos animais, por un lado, e na orientación a produtos demandados no mercado e na oferta de produtos diferenciados, por outro





Posto do Craega no SIAL

No *estand* do Craega promocionáronse as empresas Conservas del Noroeste, Helados Gael, Ecofunghi, Miele Anta, Alibós Galicia, Innolact e Conservas Antonio Pérez Lafuente

Sete empresas do Craega presentaron os seus produtos na feira parisiense de SIAL

A capital de Francia acolleu entre o domingo 21 e o xoves 25 de outubro a gran feira bienal da industria alimentaria SIAL de París, un escaparate do sector onde tiveron representación sete operadores inscritos no Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia.

Así, contaron con espazo para promocionar a súa produción ecolóxica co apoio do Craega Conservas del Noroeste, coas marcas Cabo de Peñas e Pescantina; Helados Gael; Ecofunghi; Miele Anta, coa marca Pazo de Lusío; Alibós Galicia; Innolact, coa marca Quesscrem; e Conservas Antonio Pérez Lafuente, coas marcas PandoMar e Fis4ever.

A través destas empresas, a oferta abrangueu conservas de pescado con ingredientes vexetais ecolóxicos, mexillóns en conserva, xeados de diversos sabores, *boletos edulis*, queixos, produtos apícolas, castañas e derivados.

Esta ampla gama permaneceu exposta en horario continuado, de 9 da mañá a 6 da tarde, nun *estand* do Consello Regulador de 24 metros cadrados, localizado no pavillón dedicado aos produtos orgánicos e dietéticos e complementos nutricionais, aos viños e espirituosos e aos produtos *gourmet*, xusto no acceso á feira dende a estación do tren. Ademais, Innolact e Aceites Abril contaban con posto propio nos pavillóns nacionais baixo o paraguas do ICEX.

A experiencia dos expositores neste evento foi boa en termos xerais pois, inda que non se trata dunha feira específica de produción ecolóxica, moitos dos visitantes ían na procura deste tipo de produtos. Este ano, o SIAL recibiu máis de 130.000 visitantes e tivo preto de 6.000 expositores (máis do 70% internacionais) e un cento de países representados. A próxima edición xa ten data, celebrarase do 19 ao 23 de outubro de 2014.





Foto de familia dos Premios Alimentos de España 2011

A fundadora de Granxa Maruxa recibiu un premio nacional á Muller Emprendedora

María Mercedes Guerreiro Segade, creadora de Productos Ecolóxicos Granxa Maruxa SL, unha empresa de Monterroso (Lugo) adscrita a Craega, foi galardoada co Premio Alimentos de España 2011 que concede o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, na modalidade de Muller Emprendedora. Esta categoría recoñece a traxectoria daquelas emprendedoras que co seu labor directivo no sector agrario e alimentario constitúen un referente para o fomento da inserción laboral das mulleres no rural.

O acto de entrega deste premio tivo lugar en Madrid o 11 de outubro, estivo presidido polo ministro Miguel Arias Cañete e nel estiveron presentes tanto Mercedes coma a súa socia Marta Álvarez Quinteiro. Ambas as dúas encárganse da xestión de Granxa Maruxa, unha pequena explotación ecolóxica de leite de vacas frisoes cunha galletería artesanal propia da que saen as denominadas Maruxas de Nata.



Alexandre Cendón recibiu o premio de mans do ministro de Agricultura

Recoñecemento para o proxecto ecolóxico Abella Lupa pola protección da biodiversidade

A Sociedade de Transformación Agraria Abella Lupa de Covelo (Pontevedra) impúxose no Concurso da Red emprende-verde convocado pola Fundación Biodiversidade, do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, co obxectivo de poñer en valor o traballo dos emprendedores que contribúen ao desenvolvemento da economía sostible.

Abella Lupa competía con preto de duascenas candidaturas a nivel estatal e conseguiu o primeiro premio na mención especial Contribución Significativa á Protección da Biodiversidade, galardón recollido por Alexandre Cendón o 31 de outubro en Madrid, nun acto oficial no que participou o titular do Magrama, Miguel Arias Cañete.

Esta empresa dedicada dende 2010 á produción de mel ecolóxico está certificada polo Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia e ademais engloba un proxecto de recuperación e divulgación do patrimonio cultural galego asociado á apicultura.



O mellor queixo San Simón de Galicia, de Casa Ánxel

A gandería ecolóxica Casa Ánxel (A Pastoriza, Lugo) foi premiada na XV Cata dos Queixos de Galicia co primeiro posto e a distinción de ouro dentro da categoría da Denominación de Orixe Protexida San Simón da Costa. Así mesmo, recibiu o cuarto premio na categoría da DOP Queixo de Tetilla. O seu propietario (na foto, o quinto pola esquerda) recolleu os galardóns o 13 de decembro.

O presidente do Craega entregou o premio á mellor tapa ecolóxica do concurso de Lugo



O presidente do Craega e o gañador do premio á mellor tapa ecolóxica

O martes 13 de novembro tivo lugar no salón de plenos do Concello de Lugo o acto de entrega dos premios do 8º Concurso de Tapas de Lugo, un certame organizado pola Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería de Lugo co patrocinio do Concello de Lugo e a colaboración de varias entidades, entre as que se atopaba o Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia.

No palmarés deste certame incluíuse por primeira vez a categoría de mellor tapa ecolóxica, feita con produtos amparados co selo do Craega, premio que conseguiu como resultado da votación popular a proposta de A Nosa Terra bautizada *Tixelada*. No transcurso do acto, o presidente do Craega, José Antonio Fernández Álvarez, entregoulle a este coñecido restaurante lucense a correspondente placa acreditativa do seu triunfo.

Nesta edición do concurso participaron 45 locais hostaleiros, servíronse un total de 29.441 tapas e xerouse un volume de negocio de 147.205 euros, cifras que confirman a súa importancia e a boa acollida entre o público.

Custom Drinks lanza unha nova gama de sidras elaboradas con mazás galegas ecolóxicas

A única sidreira de Galicia, Custom Drinks, con sede en Chantada (Lugo), lanzou ao mercado a mediados de novembro unha nova gama de sidras extra ecolóxicas, baixo a marca Maeloc, elaboradas con mazás cen por cen galegas e amparadas co selo do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia.

Son centos os produtores da comarca chantadina, dende cooperativas ata particulares, os que xa abasteceron a esta empresa coas colleitas das variedades Raxao, Príncipe, Perú, Verdeñá e Rabiosa, coas que se preparará ao longo dos vindeiros meses esta gama de sidras Maeloc.

Con esta iniciativa, Custom Drinks remarca o seu compromiso co mundo rural e o fomento do produto ecolóxico e de calidade. É, de feito, unha das poucas compañías sidreiras de España que aposta pola agricultura ecolóxica.



Nace en Lugo a primeira empresa de venda de cogomelos ecolóxicos silvestres



O Craega certificou o ano pasado unha parcela do monte da Fontaneira dunhas 600 hectáreas, entre os concellos lucenses de Baleira e A Fonsagrada, para a produción ecolóxica de cogomelos. E esa actividade vén de recibir agora un novo impulso coa constitución formal a cargo de catro socios do que é a primeira empresa de venda de cogomelos ecolóxicos silvestres, EcoSetalia, que distribuirá cogomelos en fresco ou conxelados en España e no resto de Europa en prazos de 24/48 horas. A oferta de produtos farase fundamentalmente a través dunha web propia, www.ecosetalia.com.



Logotipo europeo para os alimentos ecolóxicos

